# INFORME DE SEGUIMENTO DA INFORMACIÓN PÚBLICA

2023/2024

R1 DO-0301

Universidade de Vigo

Facultade de Historia

# Seguimento da Información Pública

**Centro: Facultade de Historia**

**Curso académico: 2023/2024**

# 1. Introdución

O Seguimento da Información Pública é un rexistro integrado no Sistema (R1 DO-0301 P1) denominado *Información Pública e Rendemento de Contas*, o cal se inclúe no procedemento DO-0301 P1.

A Facultade de Historia ten como obxectivo garantir que toda a información de relevo tanto do Centro coma das súas titulacións sexa accesible aos diferentes grupos de interese (estudantado propio e alleo, PDI, PAS e persoas egresadas), que estea actualizada e cumpra cos requisitos de transparencia fixados pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), a Universidade de Vigo e o propio Centro. Para garantir un mellor acceso á dita información, esta ofrécese en tres idiomas: os dous oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia -isto é, galego e castelán- e inglés; incorporándose esta terceira lingua máis recentemente, en 2020, coa finalidade de contribuír á difusión internacional desta información e favorecer os posibles intercambios con centros universitarios estranxeiros en convocatorias reguladas.

Neste sentido, a Facultade de Historia conta cunha traxectoria consolidada de atención á transparencia e accesibilidade á información pública, contribuíndo a unha mellora continua e poñendo a disposición do seu estudantado -tanto previamente á elección dos estudos que vai cursar, como unha vez xa iniciados-, do PDI, o PAS e as persoas egresadas toda a información de interese do Centro e dos seus títulos académicos, debidamente actualizada. O proceso de revisión e actualización da mesma na páxina web da Facultade e das súas titulacións, realízase dun xeito continuado ao longo do curso académico vixente, estando ao cargo da mesma o equipo decanal e a secretaría do decanato, excepto no caso das titulacións de mestrado (Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, e Arqueoloxía de Ciencias da Antigüidade) e do programa universitario de doutoramento (Protección do Patrimonio Cultural), no que son responsabilidade das distintas persoas coordinadoras destas titulacións.

Así mesmo, desde o equipo decanal tamén se empregan outras canles de difusión (redes sociais) co obxectivo de satisfacer as expectativas dos distintos grupos de interese, tal como se indica na seguinte táboa.

| CANLES DE ACCESO | Links |
|---|---|
| Páxina web da Facultade | http://historia.uvigo.es |
| Páxina web do Mestrado | http://webs.uvigo.es/masterhtco3/ |
| Páxina do servicio de Teledocencia da UVigo | https://moovi.uvigo.gal/ |
| Facebook | https://www.facebook.com/facultadehistoriaourense |
| Instagram | @historiaourense |
| Twiter | @HistoriaOurense |
| Youtube | Facultade Historia Ourense |
| Listaxes de distribución: Alumnado, PDI e PAS | |
| Grupo de WhatsApp (Decano con delegados/as e representantes delegación de alumnado) | |
| Taboleiros de anuncios da Facultade | |
| Pantallas de información do Edificio Facultades | |
| Cartelería e dípticos | |


Facultade de Historia
Universidade de Vigo
INSCRICIÓN NO GRAO
Inscríbete a través do Programa NERTA.
DO 16 AO 30 DE XUÑO:
Solicitude anticipada de admisión
DO 22 AO 30 DE XUÑO:
Solicitude ordinaria de admisión
Prezo curso completo:
620,37€
(prezo orientativo curso 2022/23)
ACCESO AO GRAO
PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE
TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS
TÍTULO TÉCNICO SUPERIOR FP
ACCESO MAIORES 25 ANOS
ACCESO MAIORES 45 ANOS
Na nosa web encontrarás toda a información:
historia.uvigo.es
Tamén en
Facultade de Historia
GRAO PRESENCIAL
EN XEOGRAFÍA E HISTORIA
FAI HISTORIA CON NÓS
Universidade de Vigo


GRAO PRESENCIAL
EN XEOGRAFÍA E HISTORIA
Formación en contidos relativos á Historia, Arte e Xeografía.
Desde a Prehistoria ata a actualidade, abranguendo diversos espazos.
Currículo específico de Galicia: Historia, Arte e Xeografía.
Posibilidade de prácticas externas en empresas e institucións: interpretación do patrimonio, arquivo, arqueoloxía, etc.
Traballo de Fin de Grao no que se accede ás ferramentas principais de investigación.
CURRÍCULO PARA GALICIA
PRÁCTICAS PROFESIONAIS
TRABALLO DE FIN DE GRAO
PARA QUEN É ESTE GRAO?
Para xente coma ti, que sempre quixo estudar Xeografía e Historia
PERSOAS INTERESADAS EN:
Coñecer o noso pasado histórico
Saber máis das manifestacións artísticas
Entender o noso medio físico, natural e humano
E CARACTERIZADAS POR:
TER ESPÍRITO CRÍTICO
AFICIÓN Á LECTURA
POSUÍR RESPECTO POLA DIVERSIDADE
PARA QUE CAPACITA?
Docencia na ESO, bacharelato, ciclos formativos de grao medio, superior e universidade.
Documentalista.
Actividades de tratamento e análise da información.
Facultativos/as, conservadores/as e axudantes de arquivos, museos e bibliotecas.
Colaboración en medios de comunicación.
Asesoría cultural en institucións e empresas.
Actividades nas administracións públicas.
Arqueólogo/a.
Xestión de recursos naturais e humanos.
Conservación, exposición e mercado de obras de arte.
Xestión do patrimonio histórico, natural, cultural en ámbitos institucionais e empresariais.
Planificación e xestión territorial en institucións e empresas.
Investigación xeográfica e histórica.
POR QUE CONNOSCO?
1 Atención personalizada.
2 Contacto directo co profesorado responsable das materias.
3 Acceso aos materiais a través da plataforma de teledocencia (Moovi).
4 Ampla oferta: mobilidade, prácticas externas e TFG.
5 Avaliación continua.
6 Un campus integrado na cidade.
Na nosa web poderás coñecer todas as materias de cada curso:
historia.uvigo.es


Facultade de Historia
Universidade de Vigo
INSCRICIÓN NO GRAO
Inscríbete a través do Programa NERTA.
DO 16 AO 30 DE XUÑO:
Solicitude anticipada de admisión
DO 22 AO 30 DE XUÑO:
Solicitude ordinaria de admisión
Prezo curso completo:
620,37€
(prezo orientativo curso 2022/23)
ACCESO AO GRAO
PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE
TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS
TÍTULO TÉCNICO SUPERIOR FP
ACCESO MAIORES 25 ANOS
ACCESO MAIORES 45 ANOS
Na nosa web encontrarás toda a información:
historia.uvigo.es
Tamén en
Facultade de Historia
GRAO SEMIPRESENCIAL
EN XEOGRAFÍA E HISTORIA
FAI HISTORIA CON NÓS
Universidade de Vigo


GRAO SEMIPRESENCIAL
EN XEOGRAFÍA E HISTORIA
Formación en contidos relativos á Historia, Arte e Xeografía.
Desde a Prehistoria ata a actualidade, abranguendo diversos espazos.
Currículo específico de Galicia: Historia, Arte e Xeografía.
Posibilidade de prácticas externas en empresas e institucións: investigación, arquivo, arqueoloxía, etc.
Traballo de Fin de Grao no que se accede ás ferramentas principais de investigación.
CURRÍCULO PARA GALICIA
PRÁCTICAS PROFESIONAIS
TRABALLO DE FIN DE GRAO
PARA QUEN É ESTE GRAO?
Para xente coma ti, que sempre quixo estudar Xeografía e Historia
PERSOAS INTERESADAS EN:
Coñecer o noso pasado histórico
Saber máis das manifestacións artísticas
Entender o noso medio físico, natural e humano
E CARACTERIZADAS POR:
TER ESPÍRITO CRÍTICO
AFICIÓN Á LECTURA
POSUÍR RESPECTO POLA DIVERSIDADE
QUE REQUISITOS SE PRECISAN PARA A INSCRICIÓN?
A opción á modalidade semipresencial debe xustificarse nun dos criterios seguintes:
Laboral
Familiar
Atención a persoas dependentes
Actividades deportivas de alto nivel
Necesidades educativas especiais
Dificultades económicas
Posibilidade tamén de matrícula a tempo parcial (mínimo 4 materias)
Na nosa web poderás coñecer todas as materias de cada curso:
historia.uvigo.es
POR QUE CONNOSCO?
1 Atención personalizada.
2 Contacto directo co profesorado responsable das materias.
3 Acceso aos materiais a través da plataforma de teledocencia (Moovi).
4 Ampla oferta: mobilidade, prácticas externas e TFG.
5 Avaliación continua.
6 Un campus integrado na cidade.

# 2. Lista de Chequeo ou verificación da Información Pública

O Seguinte *check list* recolle a información pública mínima que as titulacións/ centros deben publicar. Esta listaxe está recollida na Guía de ACSUG: *Guía de evaluación para el seguimiento y la renovación de la acreditación de títulos oficiales de grado y máster*

| Información Pública do centro | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***INFORMACIÓN PÚBLICA*** | ***É pública*** | ***Coincide coa memoria vixente*** | ***É de fácil acceso*** | ***Enlace á web (se procede)*** |
| Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto,…) | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/docencia/profesorado/ |
| Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/gl/facultade/persoal-de-administracion-e-servizos/ |
| Aulas e seminarios | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/facultad/infraestructuras-del-centro/ |
| Laboratorios | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/facultad/infraestructuras-del-centro/ |
| Salas de informática | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/facultad/infraestructuras-del-centro/ |
| Salas de estudo | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/Outros_servizos_es.pdf |
| Biblioteca | ☐x | ☐ | ☐x | https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca |
| Outros servicios dispoñibles | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/Outros_servizos_es.pdf |
| Espazos para os representantes do alumnado | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/Outros_servizos_es.pdf |
| Órgano responsable do sistema de calidade do centro | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/facultade/organos-de-goberno/comision-de-calidade/ |
| Política e obxectivos de | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/gl/calidade/sgc/politica-e-obxectivos-de-calidade/ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| calidade do centro | | | | |
| Manual e procedementos do SGC | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/calidad/sgc/procedimientos |

| Información Pública da Titulación X ( debe verificarse para todas as titulacións do centro) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***INFORMACIÓN PÚBLICA*** | ***É pública*** | ***Coincide coa memoria vixente*** | ***É de fácil acceso*** | ***Enlace á web (se procede)*** |
| Denominación da titulación | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/doctorado-patrimonio/ |
| Número de créditos e duración da titulación | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Centro responsable da titulación, no seu caso, departamento o instituto | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/<br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/<br>http://historia.uvigo.es/gl/estudos/master-patrimonio/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Coordinador/a e/ou responsable do título | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br>http://historia.uvigo.es/images/docs/titulaciones/pceo/Memoria_PCEO_TURISMO-XH.pdf<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Centro/s onde se imparte el título | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Tipo de ensinanza | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Número de prazas de novo ingreso ofertadas | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Idiomas nos que se imparte a titulación | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Profesións reguladas para as que capacita, no seu caso | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/master-patrimonio/ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | https://historia.uvigo.es/gl/estudos/master-en-arqueoloxia/ |
| Normativa de permanencia | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/facultad/normativa-y-formularios/ |
| Normativa de transferencia y recoñecemento de créditos | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/facultad/normativa-y-formularios/ |
| Memoria vixente do título | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Obxectivos do título | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/competencias/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/obxectivos<br><br>https://historia.uvigo.es/gl/estudos/master-en-arqueoloxia/ |
| Competencias xerais | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/competencias/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/competencias/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia |
| Competencias específicas | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/competencias/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/competencias/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Competencias transversais | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/competencias/ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/competencias/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Criterios de acceso e admisión | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/acceso-e-admision/<br><br>http://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia<br><br>http://historia.uvigo.es/gl/estudos/doutoramento-patrimonio/ |
| Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudantes/acto-de-benvida/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudiantes/orientacion-al-estudiantado/ |
| Perfil de ingreso recomendado | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/acceso-e-admision/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia<br><br>http://historia.uvigo.es/gl/estudos/doutoramento-patrimonio/ |
| Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia<br><br>http://historia.uvigo.es/gl/estudos/doutoramento-patrimonio/ |
| Curso ponte ou de adaptación | ☐ | ☐ | ☐ | - |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existen | | | | |
| Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudantado, se fose o caso | ☐ | ☐ | ☐ | - |
| Estrutura do programa formativo: denominación dos módulos ou materias, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio u optativo | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/planificacion-academica/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/<br><br>http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ |
| Horarios | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/docencia/horarios/ |
| Traballo fin de grado/máster (Comisións de avaliación, convocatorias, temáticas, etc.) | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/<br><br>http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-master/ |
| Información sobre as prácticas externas, se as houbese (entidades colaboradoras,…) | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/<br><br>http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/ |
| Resultados da titulación (Taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito, avaliación, inserción laboral) | ☐x | ☐ | ☐x | http://historia.uvigo.es/es/calidad/sgc/resultados-de-medicion/ |
| Outras taxas/resultados complementarias que o título fai | ☐ | ☐ | ☐ | - |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| públicas (Informe institucional resultados Docentia) | | | | |

| *Información Pública asociada ao SGC dos Centros da Universidade de Vigo* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***INFORMACIÓN PÚBLICA*** | ***É pública*** | ***Está actualizada*** | ***É de fácil acceso*** | ***Enlace á web (se procede)*** |
| Informe de resultados anuais- Informe de Revisión pola Dirección | ☐x | ☐ | ☐x | https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-03_P1_2021-22.pdf |
| Informe de Coordinación | x | | | https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2022-23.pdf<br><br>https://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2022-23.pdf |
| PAT | x | | x | http://historia.uvigo.es/gl/estudantes/plan-de-accion-titorial/ |
| *Engadir outros que faga público o centro | | | | |

# 3. Resultados, análise e conclusións

Un dos aspectos que salientou a comisión avaliadora designada pola ACSUG para o proceso de Renovación da Certificación do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Historia, levada a cabo durante o ano 2023 e concluído exitosamente no presente curso académico 2023-2024, foi precisamente o apartado relativo á Información Pública e Rendemento de Contas. Neste sentido, o novo equipo decanal ven dando continuidade á dinámica xa establecida polo anterior, de manter un nivel óptimo relativo a este ámbito, co propósito de melloralo onde proceda, sobre a base da reforma integral que experimentou a súa páxina web con posterioridade a 2017.

A actualización da web require dun traballo constante, que non só implica recoller as novidades relativas á planificación docente, senón todas as posibles convocatorias e noticias que podan resultar de interese para a nosa comunidade (PDI, PAS e estudantado). Neste sentido, quixeramos facernos eco neste informe de dúas reflexións saídas á luz durante o proceso de revisión e actualización levado a cabo no presente curso académico, en parte relacionadas. A primeira ten que ver cunha simplificación e significativa actualización que se acometeu dos seus contidos. Unha tarefa que tivo como obxectivo sintetizar dun xeito o máis razoable posible a cantidade certamente importante de información que na actualidade alberga a nosa web; o cal implicou basicamente reducir o número de documentos con imaxes e eliminar aqueles outros que tivesen unha antigüidade superior a cinco anos, cuxa información resulta inoperativa na actualidade. Obviamente, este proceso non se aplicou ao apartado dedicado especificamente á Calidade, toda vez que entendemos que a nosa web debe actuar neste senso coma un repositorio en continua construción que debe albergar todos os procedementos e rexistros do Sistema para facilitar o seu seguimento público ao longo do tempo. Esta profunda actualización lévanos directamente á segunda cuestión que quixeramos comentar neste informe. Este garda relación co feito de que o equipo decanal pode levar a cabo, e de feito así o fixo, a dita revisión e actualización minuciosas da web do Centro, pero non dispón na actualidade de persoal administrativo formado en multimedia (deseño de páxinas web) que facilite a incorporación directa e inmediata de todas as novidades detectadas, senón que debe recorrer a unha empresa encargada de realizar externamente esta tarefa. Neste sentido, recoñecemos que se trata dun lastre importante, sobre todo polo elevado custo económico que representa na práctica que o dito proceso de actualización de contidos da web teña que pasar necesariamente por mans deste tipo de empresas, e non de persoal administrativo propio que debería posuír unha formación básica para acometer este tipo de tarefas. Aínda tendo en conta a valiosa contribución que aportou neste actual curso un dos dous membros encargados da divulgación e captación de novo estudantado, o custe económico que implica o mantemento e actualización da nosa web debido á súa externalización, resulta moi complexo de asumir para un Centro académico de pequenas dimensións, coma de feito é o noso caso, pero á súa vez decididamente comprometido coa cultura da Calidade, máxime se queremos manter debidamente actualizado un nivel óptimo de información pública e facilitar a súa transparencia.

Podemos concluír, pois, que un curso máis, o noso Centro cumpre na actualidade con todas as esixencias referidas tanto á información pública coma ao rendemento de contas, as cales son obxecto de valoración nas enquisas de satisfacción por parte dos individuos integrados nos tres sectores que conforman a súa comunidade, cuxos resultados son así mesmo analizados por parte da Comisión de Calidade cando esta elabora o correspondente Informe de Revisión pola Dirección anual.